

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego

Acordo da Xunta de Goberno de 17 de novembro de 2017 polo que se aproban as bases reguladoras do II Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial incluído na Liña 2 do Plan de Emprego Local

ANUNCIO

Na sesión celebrada o 17 de novembro de 2017, a Xunta de Goberno acordou aprobar as bases reguladoras do II Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial, que se transcriben de seguido:

BASES REGULADORAS DO II PREMIO PROVINCIAL Á MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL (PEL-EMPRENDE)

1. DENOMINACIÓN E APLICACIÓN ORZAMENTARIA E LIÑAS XERAIS DA TRAMITACIÓN.

As presentes bases reguladoras da convocatoria do II Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial enmárcanse na Liña 2 PEL- EMPRENDE: Apoio á creación de empresas no ámbito local do Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña, elaborado ao amparo do artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local e modificado pola Lei 57/2003, de 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, ampliando as competencias provinciais no ámbito da planificación ao establecer que son competencias propias das Deputacións a que lles atribúan neste concepto, as leis do Estado e das Comunidades Autónomas nos diferentes sectores da acción pública, e en todo caso, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Financiamento

O Premio financiarase con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2017 na aplicación orzamentaria 0510/24100/22799.

A contía máxima dentro dos créditos dispoñibles destinada ao Premio convocado para a o exercicio 2017 é a seguinte:

Aplicación orzamentaria	Créditos dispoñibles
0510/24100/22799	75.000 €

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación, e os envíos de documentación que foran necesarios para tramitar os expedientes.

Conforme ao disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, notificarase ás persoas interesadas as resolucións e actos administrativos que afecten aos seus dereitos e intereses.

A resolución de concesión do II Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de edictos da Deputación Provincial da Coruña e na páxina web do Plan de Emprego Local da Deputación.

2. FINALIDADE E OBXECTO.

As presentes bases teñen como obxecto regular a segunda convocatoria do Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial, como recoñecemento ao esforzo e implicación do tecido empresarial da provincia no desenvolvemento económico, na creación de emprego e riqueza, e a súa contribución á fixación de poboación no territorio.

A súa finalidade consiste en premiar as iniciativas e o traballo realizado por empresas e fomentar unha imaxe positiva do tecido empresarial como fonte de riqueza e emprego, contribuír á súa sustentabilidade e fomentar o espírito e a iniciativa empresarial.

Ademais o premio non é só un mero recoñecemento, senón que pretende aportar un valor engadido ás empresas mediante a súa concesión facilitándolles soporte e respaldo para transformar ideas actuais en emprego de calidade e contribuíndo a dinamizar novos proxectos.

3. DESTINATARIOS/AS.

O Premio vai dirixido a pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as con domicilio fiscal e centro de traballo na provincia da Coruña.

Para a consideración de microempresas e pequenas e medianas empresas, atenderase á definición establecida pola Comisión Europea (Recomendación 2003/361/CE de 6 de maio), que considera:

1. A categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas (PEME) está constituída polas empresas que ocupan a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns de € ou cuxo balance xeral anual non excede de 43 millóns de €.

2. Na categoría das PEME, defínese a unha pequena empresa como unha empresa que ocupa a menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de €.

3. Na categoría das PEME, defínese a unha microempresa como unha empresa que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns de €.

Poderá presentar a súa candidatura calquera persoa física ou xurídica que cumpra cos seguintes requisitos:

- Ter o domicilio fiscal e centro de traballo nun municipio da provincia da Coruña.
- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Estado, coa Seguridade Social e coa Deputación da Coruña desde a data de publicación da convocatoria no BOP
- Non estar nin ter estado incurso en expedientes de regulación de emprego, regulación ou despido improcedente, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, nos últimos 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP

4. CATEGORÍAS E IMPORTES.

Establécense tres categorías de premio:

1.ª CATEGORÍA.–Premio á mellor iniciativa empresarial xove, para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as con menos de 12 meses de antigüidade dende o inicio da actividade. A antigüidade computará dende a data de alta no Censo de Actividades Económicas da Axencia Estatal da Administración Tributaria ata a data de publicación da convocatoria no BOP

Nesta categoría valoraranse aspectos como a orixinalidade e viabilidade do proxecto empresarial, así como o seu carácter innovador e a creación de emprego no territorio, entre outros.

2.ª CATEGORÍA.–Premio á mellor iniciativa empresarial madura, para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as con máis de 5 anos dende o inicio da súa actividade. A antigüidade computará dende a data de alta no Censo de Actividades Económicas da Axencia Estatal da Administración Tributaria ata a data de publicación da convocatoria no BOP

Nesta categoría valoraranse aspectos como a traxectoria empresarial, postos de traballo creados, presenza feminina na empresa, sistemas novidosos de xestión e responsabilidade social, entre outros.

3.ª CATEGORÍA.–Premio á mellor iniciativa empresarial socialmente responsable, para pequenas e medianas empresas, microempresas e autónomos/as que apliquen medidas de responsabilidade social empresarial eficaces nos ámbitos económico, medioambiental e social que contribúan ao crecemento sustentable da provincia.

Non se admitirá máis dunha candidatura por entidade. Segundo as bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas da Deputación Provincial da Coruña, considéranse unha soa entidade, todas aquelas nas que os/as socios/as ou membros da Xunta Directiva sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% ás vinculadas nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

Con carácter excepcional, o xurado poderá conceder accésits a aquelas iniciativas empresariais que, pola súa especial relevancia, mérito ou circunstancia sexan merecedoras de tal distinción.

O orzamento total destinado a sufragar o Premio ascende a 75.000 € con cargo a fondos propios da Deputación de A Coruña.

Para cada categoría establécese un premio en metálico por un importe bruto de 25.000 €. Sobre esta contía realizaranse as retencións correspondentes do ordenamento tributario regulador do IRPF e do Imposto de Sociedades.

5. DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZOS.

Para a participación na convocatoria en calquera das tres categorías, deberase presentar a seguinte documentación obrigatoria:

Fase de presentación de candidaturas

- Tarxeta de identificación fiscal definitiva da entidade no caso de entidades con personalidade xurídica ou copia simple do NIF ou NIE no caso de autónomos/as.
- Certificado de situación no censo de actividades económicas da Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Formulario de inscrición (ANEXO I).
- Memoria de candidatura:
 - ANEXO II para as candidaturas á 1.ª categoría
 - ANEXO III para as candidaturas á 2.ª categoría
 - ANEXO IV para as candidaturas á 3.ª categoría

No caso de que os documentos de identificación fiscal definitiva da entidade ou copia simple do NIF ou NIE e/ou o impreso de comunicación de datos bancarios obrasen xa en poder da Deputación da Coruña e, sempre e cando non sufriran ningunha variación, non será necesaria a súa presentación.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirille á persoa interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

Fase de concesión

- Escrituras de constitución da sociedade.
- Impreso de comunicación de datos bancarios para o rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos importes que procede ordenar a Deputación provincial da Coruña

Dispoñible na plataforma SUBTEL: [Opcións](#) / [Información das convocatorias](#) / [Mostrar convocatorias \(elixir a convocatoria correspondente\)](#) / [Detalles](#) / [Documentos](#) / [Descargar Plantilla](#)

A mera presentación das candidaturas en tempo e forma suporá a súa aceptación no proceso de valoración e selección.

O prazo para a presentación de candidaturas iniciarase o día seguinte ao anuncio de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, que establecerá o prazo de presentación de candidaturas.

Co fin de incentivar a utilización de medios electrónicos e no marco dos principios da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, as candidaturas presentaranse de forma telemática, a través da páxina web da plataforma de tramitación telemática de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, www.dacoruna.gal/dicoruna-subtel

6. VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS.

Para a selección das candidaturas gañadoras, establecerase un xurado formado por persoas expertas en diferentes ámbitos relacionados co mundo da empresa, o emprego e a administración:

O xurado estará formado por:

- 2 representantes da Deputación da Coruña: o Presidente da entidade provincial e o Xefe do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego ou persoas nas que deleguen. Exercerán respectivamente a Presidencia e Secretaría do xurado.
- 2 representantes das Cámaras de Comercio con ámbito territorial na provincia de A Coruña ou no seu defecto, un representante da Cámara de Comercio da Coruña e outro da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela.
- 2 representantes do ámbito universitario da provincia da Coruña vinculados aos campos da empresa e da innovación: 1 da Universidade da Coruña e 1 da Universidade de Santiago de Compostela.
- 2 representantes de asociacións, federacións, confederacións de empresarios/as con presenza na provincia da Coruña.
- 2 empresarios/as con dilatada experiencia no eido empresarial e de recoñecido prestixio na provincia da Coruña.

A composición do xurado e a designación dos seus membros, será aprobada por Resolución da Presidencia.

O procedemento de concesión dos premios tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación por parte do xurado das candidaturas presentadas, co fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo

cos criterios fixados nestas bases e adjudicar co límite establecido, aquelas que obtiveran maior valoración na aplicación de ditos criterios.

Os acordos do xurado adoptaranse por maioría simple. No caso de empate entre candidaturas procederase a unha nova votación, na que só se terán en conta as candidaturas que obtiveran a mesma puntuación. Se o empate persistise trala segunda votación, o Presidente do xurado decidirá mediante voto de calidade. No caso excepcional de que as candidaturas non acadasen o nivel desexado, o xurado poderá acordar deixar o premio deserto.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS CANDIDATURAS.

As candidaturas serán analizadas polo xurado baseándose na documentación presentada. O xurado estimará positivamente as candidaturas nas que primen a creatividade, a creación de postos de traballo, as proxeccións internacionais do negocio e a aplicación de medidas de responsabilidade social empresarial.

Os criterios específicos a seguir polo xurado serán os seguintes:

1.ª CATEGORÍA: MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL XOVE

– PRESENTACIÓN DA EMPRESA: IDEA DE NEGOCIO E PROXECTO EMPRESARIAL: máximo 30 puntos.

Idea de negocio orixinal e creativa	5 puntos
Contribución ao desenvolvemento económico local e provincial	5 puntos
Estratexia comercial e posicionamento no mercado	5 puntos
Perspectivas de futuro	5 puntos
Xeración de emprego (% de variación anual)	5 puntos
Capacidade de internacionalización e expansión	5 puntos

– FORMACIÓN DO PROMOTOR/A OU XERENTE: máximo 20 puntos.

Currículo dos/as promotores/as e adecuación da experiencia e formación ás necesidades do negocio	5 puntos
Compromiso e risco asumido	5 puntos
Participación en actividades formativas/ou programas públicos de apoio ao emprendemento, redes de mentoring, orientación, etc.	5 puntos
Retos obtidos e/ou superados para chegar a crear a empresa	5 puntos

– GRAO DE INNOVACIÓN: máximo 35 puntos.

Principais investimentos da empresa en innovación	7 puntos
Desenvolvemento de produtos e servizos innovadores	7 puntos
Capacidade de adaptación ás necesidades reais do mercado	7 puntos
Posicionamento respecto á competencia	7 puntos
Repercusión para a provincia e outros sectores	7 puntos

– PARTICIPACIÓN EN REDES DE NETWORKING, EMPREGO DE ESPAZOS COWORKING, EMPREGO DE MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL: máximo 15 puntos.

Participación en redes de networking	5 puntos
Utilización de espazos de coworking	5 puntos
Emprego de medidas de responsabilidade social empresarial: medioambientais, conciliación da vida familiar e laboral, igualdade de oportunidades, etc.	5 puntos

2.ª CATEGORÍA: MELLOR INICIATIVA EMPRESARIAL MADURA

– PRESENTACION DA EMPRESA: IDEA DE NEGOCIO E PROXECTO EMPRESARIAL: máximo 20 puntos.

Idea de negocio orixinal e creativa	4 puntos
Contribución ao desenvolvemento económico local e provincial e xeración de emprego	4 puntos
Estratexia comercial: cota de mercado, produtos e/ou servizos ofertados, etc.	4 puntos
Perspectivas de futuro	4 puntos
Medios técnicos e humanos dos que dispón a empresa	4 puntos

– FORMACIÓN E EXPERIENCIA DO PROMOTOR/A OU XERENTE: máximo 20 puntos.

Currículo dos/as promotores/as e adecuación da experiencia e formación ás necesidades do negocio	5 puntos
Compromiso e risco asumido	5 puntos
Participación en actividades formativas e/ou programas públicos de apoio ao emprendemento, redes de mentoring, orientación, etc.	5 puntos
Retos obtidos e/ou superados para lograr a posta en marcha da empresa	5 puntos

– **PERCORRIDO DA EMPRESA: máximo 25 puntos.**

Crecemento dende a súa creación en facturación, na demanda dos seus servizos e no número de empregados	5 puntos
Presenza feminina na empresa	5 puntos
Diversificación de produtos ou servizos	5 puntos
Capacidade de expansión e internacionalización	5 puntos
Balance económico da empresa nos 3 últimos anos (ingresos, gastos, fondos de manobra e beneficio neto)	5 puntos

– **GRAO DE INNOVACIÓN: máximo 25 puntos.**

Principais investimentos da empresa en innovación	5 puntos
Desenvolvemento de produtos e servizos innovadores	5 puntos
Capacidade de adaptación ás necesidades reais do mercado	5 puntos
Posicionamento respecto á competencia	5 puntos
Repercusión para a provincia e outros sectores	5 puntos

– **PARTICIPACIÓN EN REDES DE NETWORKING E APLICACIÓN DE MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL: máximo 10 puntos.**

Participación en redes de networking	5 puntos
Aplicación de medidas de responsabilidade social empresarial: medioambientais, conciliación da vida familiar e laboral, igualdade de oportunidades, etc.	5 puntos

3.ª CATEGORÍA: MELLOR INICIATIVA SOCIALMENTE RESPONSABLE

– **PRESENTACION DA EMPRESA: IDEA DE NEGOCIO E PROXECTO EMPRESARIAL: máximo 20 puntos.**

Idea de negocio orixinal e creativa	5 puntos
Estratexia comercial: produtos e/ou servizos ofertados, posibilidades de mercado e perspectivas de futuro, etc.	5 puntos
Capacidade de internacionalización e expansión e apoios institucionais e financeiros obtidos	5 puntos
Grao de innovación	5 puntos

– **RESPONSABILIDADE EMPRESARIAL NO ÁMBITO SOCIAL: máximo 20 puntos.**

Creación de emprego de calidade	4 puntos
Promoción do desenvolvemento individual e profesional do cadro de persoal mediante plans de formación, promoción, cualificación e perfeccionamento profesional	4 puntos
Fomento da presenza, participación equilibrada e trato igualitario de persoas de distinto xénero, así como a promoción da muller e acción positivas de igualdade	4 puntos
Reserva de postos de traballo para persoas con discapacidade en porcentaxes superiores aos legalmente esixidos, así como a integración doutros colectivos con maior vulnerabilidade ou risco de exclusión social e adaptación dos postos de traballo	4 puntos
Iniciativas de inclusión de grupos desfavorecidos, iniciativas de sensibilización, voluntariado corporativo ou outros programas que fomenten un cambio cultural no seu conxunto	4 puntos

– **RESPONSABILIDADE EMPRESARIAL NO ÁMBITO AMBIENTAL: máximo 20 puntos.**

Innovacións levadas a cabo en produtos e servizos, en sistemas de procesos de produción con fins ambientais sostibles	4 puntos
Establecemento de plans ou actuacións de eco-eficiencia no consumo de enerxía, auga e recursos naturais e tratamento de residuos	4 puntos
Implantación de sistemas de análise, xestión e avaliación medioambiental	4 puntos
Realización de actividades internas de promoción, formación e educación para a preservación do medioambiente	4 puntos
Realización de campañas de información e sensibilización medioambiental	4 puntos

– **RESPONSABILIDADE EMPRESARIAL NO ÁMBITO ECONÓMICO: máximo 20 puntos.**

Transparencia na xestión económica e de goberno da empresa	4 puntos
Consumo de produtos e servizos de proximidade	4 puntos
Establecemento de criterios éticos para a selección de provedores de produtos e servizos	4 puntos
Promoción e difusión de valores éticos e solidarios entre o cadro de persoal	4 puntos
Apoio económico ou doutra natureza na realización de proxectos da comunidade de carácter cultural, deportivo, benéfico, lúdico ou social	4 puntos

– **RESPONSABILIDADE EMPRESARIAL NO ÁMBITO DA CONCILIACIÓN LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL E PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE XÉNERO: máximo 20 puntos.**

Emprego de mulleres menores de 30 anos e/ou maiores de 45 anos	4 puntos
Medidas de apoio implantadas para o coidado das persoas	4 puntos
Desenvolvemento de medidas innovadoras para a conciliación	4 puntos

Presenza de mulleres nos órganos de goberno e administración da empresa	4 puntos
Garantía de igualdade retributiva	4 puntos

A puntuación total para cada candidatura, independentemente da categoría á que se presente, será de 100 puntos como máximo.

8. PRAZO DE RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN.

A concesión do premio realizarase mediante Resolución da Presidencia a proposta motivada do xurado.

As candidaturas gañadoras daranse a coñecer nun acto de entrega do Premio organizado pola entidade provincial. Neste mesmo acto todas as empresas candidatas disporán da posibilidade de dar a coñecer os seus produtos e servizos nun espazo de networking habilitado ao efecto.

O Premio considerarase aceptado mediante a súa recollida no acto de entrega. Se por motivos excepcionais, a candidatura gañadora renunciase ao premio neste evento, a candidatura da mesma categoría que obtivera a seguinte puntuación máis elevada pasará a ocupar o seu lugar e así sucesivamente, no caso de plantexarse múltiples renunciacións sucesivas.

En todo caso, a renuncia deberá ser presentada de forma expresa por escrito a través de medios telemáticos, achegando o Anexo V debidamente cumprimentado.

A Resolución de concesión será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña.

O prazo de resolución da presente convocatoria e notificación aos interesados, será o máximo previsto no artigo 25.4 da Lei Xeral de Subvencións, que establece que non poderá exceder de seis meses, salvo que unha norma con rango de lei estableza un prazo maior ou así veña previsto na normativa da Unión Europea.

O prazo computarase a partir da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

9. COMPROMISOS E OBRIGAS.

Son obrigas dos/as beneficiarios/as, e sen ánimo de exclusividade, as seguintes:

1. Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar a Deputación da Coruña, así como facilitar os datos que se lles requiran en relación coa concesión do premio.
2. Autorizar para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións correspondentes nas que se acredite que a entidade atopase ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social.
3. Comunicar calquera modificación que afecte á candidatura inicial realizada.
4. Entregar á Deputación da Coruña nos prazos previstos toda a documentación requirida nas presentes bases.
5. Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
6. A entidade beneficiaria queda suxeita ao réxime de obrigas e responsabilidades previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

10. INCUMPRIMENTOS E SANCIÓNS.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da candidatura, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Nos supostos constitutivos de infraccións e as súas correspondentes sancións, aplicarase o disposto no apartado 10 das bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas a entidades privadas (iniciativa social sen ánimo de lucro ou de carácter mercantil) da Deputación da Coruña, ano 2017.

11. PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELLECTUAL.

As candidaturas presentadas deberán garantir absoluto respecto aos dereitos da propiedade intelectual ou industrial de terceiros. Neste sentido, a/o participante deberá declarar que é titular de todos os dereitos de propiedade intelectual e industrial que lle puideran corresponder, eximindo a organización de calquera tipo de controversia, disputa ou litixio que poida derivarse da selección e explotación da candidatura presentada.

12. ACEPTACIÓN DAS BASES E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

A participación no II Premio Provincial á Mellor Iniciativa Empresarial, en calquera das súas categorías, implica a aceptación íntegra e incondicional das presentes bases.

As candidaturas que presenten datos de carácter persoal con motivo da súa presentación á convocatoria, consenten expresamente a incorporación de ditos datos a un ficheiro propiedade da Deputación da Coruña, así como o seu tratamento e utilización na xestión da convocatoria. Poderán ademais exercer os dereitos de oposición, acceso á información, rectificación, cancelación dos seus datos e revogación da súa autorización sen efectos retroactivos, nos termos especificados na Lei 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, así como no seu Regulamento de Desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 1720/2007 de 21 de decembro.

As empresas candidatas, ao presentar a súa candidatura á presente convocatoria, consenten a utilización por parte da entidade provincial, da súa imaxe corporativa e nome completo en calquera tipo de publicidade, promoción, publicación ou calquera outro medio de difusión, da natureza que fose, con fines informativos ou promocionais sempre que exista relación co Premio.

A Coruña, 7 de decembro de 2017.

O Presidente

Valentín González Formoso

A Secretaria acctal.

M.^a Amparo C. Taboada Gil

2017/10500